



CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN: Bloques 1 e 2 do currículo:

- Ideas económicas básicas (Unidade 1)
- Economía e empresa (Unidades 2 e 3)

2.ª AVALIACIÓN: Bloques 3 e 4 do currículo:

- Economía persoal (Unidades 4 e 5)
- Economía e ingresos do Estado (Unidade 6)

3.ª AVALIACIÓN: Bloques 5 e 6 do currículo

- Economía e tipos de xuro. Inflación e desemprego (Unidade 7)
- Economía internacional (Unidades 8 e 9)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Traballo cotián da clase e na casa	20%
Traballo na aula virtual e outros traballos	20%
Probas escritas	60%

Temporalización das probas escritas

Como regra xeral, realizarase unha proba escrita cada dúas unidades didácticas.

Cualificación das probas

Cada proba estará valorada sobre 10 puntos, calculando a media ponderada (segundo o número de unidades que avalien) de todas as que se fagan na avaliación

O conxunto das probas escritas conta un 60% sobre a nota final da avaliación.

Cálculo da media en cada avaliación

Para calcular a cualificación media de cada avaliación teranse en conta tanto os resultados obtidos nos exames como o traballo da aula e na casa, así como os traballos desenvolvidos a través da aula virtual Schoology, de acordo coas seguintes porcentaxes:

- 60% probas escritas, que conterán cuestións tipo test, preguntas curtas e cuestións de desenvolvemento ou casos prácticos.
- 20% traballo de aula e de casa, que incluírá a valoración do traballo no caderno de clase e as tarefas que deban completarse na casa.
- 20% traballo na aula virtual Schoology, que incluírá a realización das tarefas e cuestionarios plantexados cumprindo o prazo de entrega fixado.

Redondeo:

Dado que a nota no boletín de cualificacións debe ser un número enteiro, procederase a redondear ao enteiro inferior se o primeiro decimal está comprendido entre 0 e 4, e redondearase ao enteiro superior se o primeiro decimal é 5 ou máis.

No caso de que un alumno/a non realice as probas escritas fixadas **poderá ser avaliado negativamente**, sen prexuízo de realizar posteriormente as tarefas de reforzo ou recuperación marcadas no proxecto didáctico do departamento.

Cando un alumno/a non alcance a nota de 5 nalgunha avaliación parcial terá a posibilidade de superar a asignatura nun exame de recuperación.

No caso de que na realización dun exame algún alumno **copie ou utilice calquera medio de información ou comunicación non permitido**, o exame en cuestión será cualificado cun 0 (cero) e deberá repetilo para acreditar os coñecementos requeridos no mesmo no momento que determine a profesora.

Para a **promoción na cualificación final** da asignatura deberá acreditarse o dominio dos mínimos da materia establecidos na programación da mesma. Se un alumno/a é avaliado/a negativamente nalgunha avaliación deberá realizar as tarefas de recuperación que acrediten a asimilación deses mínimos.

Cálculo da cualificación final

Será a media aritmética das cualificacións obtidas nas avaliacións parciais. Neste caso utilizaranse as notas parciais obtidas nas avaliacións parciais, sen redondeos e utilizando os dous primeiros decimais.

Para o caso de que **algúna alumno/a non asista á realización das probas escritas fixadas** e anunciadas ao longo de cada período de avaliación, **a profesora determinará a procedencia ou improcedencia da repetición da proba** escrita para outra data distinta da fixada, atendendo ás causas alegadas para xustificar a ausencia inicial.

Así mesmo, para o caso de aqueles alumnos que **perdan o dereito a avaliación continua**, terán dereito á realización dunha proba extraordinaria similar á de setembro, así como a realizar posibles actividades indicadas pola profesora.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Lecturas Obrigatorias: Utilizarase a prensa escrita de contido económico para comprobar a asimilación dos aspectos traballados na clase.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Utilización da rede educativa Schoology como contorno de traballo virtual.

Proporase ao alumnado a participación no concurso Desafío Emprende organizado por La Caixa.